

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 17 DE XUÑO DE 2010.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas do día dezasete de xuño do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-Presidente D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados e D<sup>a</sup> Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 03.06.2010**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 03.06.2010

### **2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DOS CAMIÑOS NO CASCO URBÁN, O CASTRO, O SEIXO E SESELLE", INCLUÍDOS NA SEGUNDA FASE DO PAC 2-2009.**

Transcorrido o prazo legal tras a adxudicación provisional das obras epigrafiadas e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. BEGASUCEGSA a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 3.212,83 euros, e presentada a documentación esixida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación (documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Adxudicar definitivamente as obras de "ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DOS CAMIÑOS NO CASCO URBÁN, O CASTRO, O SEIXO E SESELLE" incluídas no PAC 2-2009 (código proxecto 09-3270-0070.0) á empresa D. BEGASUCEGSA - CIF A15227986 - no prezo de SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (74.537,60 €) IVE incluído, según desglose que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 64.256,55 €

B) I.V.E.: 10.281,05 €

C) Total (A + B): 74.537,60 €

**Segundo.-** Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.1.454.0.61901 do orzamento vixente.

**Terceiro.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

**Cuarto.-** Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.

**Quinto.-** Nomear Director Técnico da obra ao enxeñeiro de camiños, redactor do proxecto técnico, D. Marcelino López Méndez.

### **3.- CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA PARA A REDACCIÓN DAS ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AUGA E SANEAMENTO NA REDE DE SUMIDOIROS.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes da interventora municipal e do secretario da corporación, obrantes no expediente, por unanimidade acorda:

1º.- Adxudicar a prestación do servizo de "CONSULTORIA E ASISTENCIA PARA A REDACCIÓN DAS ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AUGA E SANEAMENTO NA REDE DE SUMIDOIROS", pola modalidade de contrato menor, por estar o presuposto dentro dos límites establecidos na Lei de Contratos do Sector Público, á empresa PROYFE S.L., no prezo de VINTE MIL OITOCENTOS VINTEDOUS EUROS (20.822 €), IVE incluído, dacordo co seguinte desglose:

A) Prezo sen IVE: 17.950 €

B) IVE: 2.872 €

C) Prezo Total (A+B): 20.822 €

servizos que se levarán a cabo de acordo co informe técnico presentado polo adxudicatario, de data 23.04.2009.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.161.0.22706 do orzamento vixente.

### **4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “EXECUCIÓN DA REDE DE COLECTORES NA RÚA PETEIRO”, INCLUÍDAS NO POS 2010.**

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial de A Coruña relativa á contratación das obras incluídas no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS) 2010, e tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía, en data 15.06.2010, así como os informes emitidos polo Secretario da Corporación e a Intervención municipal, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Contratar pola modalidade do procedemento negociado, por non exceder o seu presuposto de 1.000.000 euros as obras de:

<b>DENOMINACIÓN DA OBRA</b>	<b>IMPORTE</b>
EXECUCIÓN DA REDE DE COLECTORES NA RÚA PETEIRO .....	55.073,68 €

e que se soliciten propostas a tres empresas, como mínimo, capacitadas para a execución das devanditas obras.

2.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial (BOP nº. 29.04.2008)

3.- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non superar a execución o prazo de doce meses.

4.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.161.0.62701 do orzamento vixente.

#### **5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVENIDA DE GALICIA”, INCLUÍDAS NO POS 2010.**

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial de A Coruña relativa á contratación das obras incluídas no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS) 2010, e tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía, en data 15.06.2010, así como os informes emitidos polo Secretario da Corporación e a Intervención municipal, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Contratar pola modalidade do procedemento negociado, por non exceder o seu presuposto de 1.000.000 euros as obras de:

<b>DENOMINACIÓN DA OBRA</b>	<b>IMPORTE</b>
EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVENIDA DE GALICIA .....	42.890,27 €

e que se soliciten propostas a tres empresas, como mínimo, capacitadas para a execución das devanditas obras.

2.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial (BOP nº. 29.04.2008)

3.- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non superar a execución o prazo de doce meses.

4.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.150.0.60902 do orzamento vixente.

#### **6.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACTUACIÓNS DE MELLORA NOS DEPÓSITOS DE FRANZA”, INCLUÍDAS NO POS 2010.**

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial de A Coruña relativa á contratación das obras incluídas no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS) 2010, e tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía, en data 15.06.2010, así como os informes emitidos polo Secretario da Corporación e a Intervención municipal, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Contratar pola modalidade do procedemento negociado, por non exceder o seu presuposto de 1.000.000 euros as obras de:

<b><u>DENOMINACIÓN DA OBRA</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
------------------------------------	-----------------------

ACTUACIÓNS DE MELLORA NOS	
DEPÓSITOS DE FRANZA .....	33.590,76 €

e que se soliciten propostas a tres empresas, como mínimo, capacitadas para a execución das devanditas obras.

2.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial (BOP nº. 29.04.2008)

3- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non superar a execución o prazo de doce meses.

4.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.161.0.62700 do orzamento vixente.

### **7.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS: BAILÓN”, INCLUÍDAS NO POS 2010.**

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial de A Coruña relativa á contratación das obras incluídas no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS) 2010, e tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía, en data 15.06.2010, así como os informes emitidos polo Secretario da Corporación e a Intervención municipal, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Contratar pola modalidade do procedemento negociado, por non exceder o seu presuposto de 1.000.000 euros as obras de:

<b><u>DENOMINACIÓN DA OBRA</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>
------------------------------------	-----------------------

AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS: BAILÓN .....	34.817,72 €
---	-------------

e que se soliciten propostas a tres empresas, como mínimo, capacitadas para a execución das devanditas obras.

2.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación sinalando que será o prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación pola modalidade de procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial (BOP nº. 29.04.2008)

3- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non superar a execución o prazo de doce meses.

4.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.161.0.62702 do orzamento vixente.

### **8.- APROBACIÓN DO GASTO**

Tendo en conta a relación de gastos elevada pola concelleira de Facenda e Patrimonio, previa fiscalización da Intervención municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2010, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Proveedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
359	710	2010.0.162.0.22710	SOGAMA, S.A. TRATAMIENTO RU PLANTA DE NARON, MES MARZO	9.727,93 €
360	10100035	2010.0.241.0.22606	VIVEIROS MOREIRA,S.L. CURSO DE XARDINERIA	6.398,99 €
361	55	2010.0.165.0.22713	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO PUBLICO,FEBREIR	3.060,29 €
759	320213614 7	2010.0.920.0.22400	AON GIL Y CARVAJAL, S.A. POLIZA 0780180178049, DANOS INMOBLES, 07.05.10/05.	5.845,28 €

2º.-Ratificar a factura aprobada por Resolución da Alcaldía nº 299/2010, que se indica a continuación:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Proveedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
356	3207134072	2010.0.920.0.22400	AON GIL Y CARVAJAL, S.A. RENOVACION POLIZA 0960180094543 RESPONSABILIDADE CIVIL CONCELLO PERIODO 15.03.2010/15.03.2011	29.339,98 €

## **9.- DEVOLUCION DE FIANZAS**

**A)** Visto o escrito presentado pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L. (R.E.2.011/29.04.2010), interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DO CRISTO”, e tendo en conta o informe técnico emitido pola técnica directora da obra, Dna. Mercedes Hermida Feal, obrante no expediente, no que se fai constar que, transcorrido o preceptivo prazo de garantía, as obras atópanse en perfectas condicións sen que se observe ningún defecto a remediar, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda estimar a solicitude presentada pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de AFIGAL - núm. 31.315 - por importe de CINCO MIL TRESCENTOS VINTE EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (5.320,51 €).

**B)** Vistos os escritos presentados pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L. (R.E.2.120/04.05.2010 e 2.788/08.06.2010), interesando a devolución do aval definitivo

constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO MERCADO (PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO II)”, e tendo en conta os informes emitidos polo secretario da corporación e pola interventora municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda estimar a solicitude presentada pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de AFIGAL - núm. 33.773 - por importe de NOVE MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (9.537,16 €).

C) Vistos os escritos presentados pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L. (R.E.2.120/04.05.2010 e 2.788/08.06.2010), interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución das obras de “RESTAURACIÓN MERCADO MUNICIPAL”, e tendo en conta os informes emitidos polo secretario da corporación e pola interventora municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda estimar a solicitude presentada pola empresa TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L., e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval de AFIGAL - núm. 33.783 - por importe de DOCE MIL NOVECIENTOS TRINTA E CINCO EUROS (12.935 €).

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e trece minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE